

## **RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ALUMNOS ADMITIDOS NO CEIP PIÑEIRO PARA O CURSO 2016-2017**

Á vista das solicitudes de admisión presentadas, e unha vez determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, establecidos no artigo 9 do *Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, así como na Sección 2ª do Capítulo III sobre Procedemento ordinario de admisión do alumnado da *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato* e comprobada a documentación acreditativa dos criterios alegados por parte do Consello Escolar do CEIP Piñeiros, en reunión mantida o día 29 de marzo de 2016, procédese á publicación da relación nominal de todo o alumnado admitido por curso mediante listaxes ordenadas por orde de puntuación total obtida.

De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listaxes provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na secretaría do centro.

### **Reclamacións.**

Estas listaxes teñen un carácter provisional e poden ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas fronte as listaxes provisionais, entenderase realizada a través das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas.

### **Listaxes definitivas.**

As listaxes definitivas de alumnado admitido, ordenado segundo a puntuación total, publicaranse antes do 15 de maio.

### **A dirección**